

## Movemento natural da poboación

### NOTAS EXPLICATIVAS

---

O coñecemento do volume dunha determinada poboación e da súa composición en función dunhas determinadas características -fundamentalmente idade e sexo- nun momento dado, proporciónanos unha información estática, é dicir, unha instantánea da mesma. Agora ben, a poboación está en continua evolución, orixinada por unha serie de factores de cambio que inciden sobre ela: nacementos, defuncións, matrimonios e movementos migratorios.

A estatística do Movemento natural da poboación, que proporciona información sobre os principais fenómenos demográficos -nacementos, defuncións e matrimonios-, xunto coa Estatística de variacións residenciais, permite estudar a evolución e as características dunha poboación ao longo do tempo.

#### 1. Obxectivos e utilidades

O obxectivo principal da estatística de Movemento natural da poboación é proporcionar información continua e exhaustiva sobre os nacementos, as defuncións e os matrimonios. Este obxectivo acádase a partir duns obxectivos específicos:

- a) Coñecer o número e as características dos nacementos de nais con residencia en Galicia.
- b) Coñecer o número e as características das defuncións de persoas residentes en Galicia.
- c) Coñecer o número e as características dos matrimonios celebrados ou que fixan a súa residencia en Galicia.

As principais utilidades desta estatística son:

- a) Fai posible a construción de series históricas para estudar a evolución da poboación.
- b) Permite realizar comparacións segundo distintos ámbitos xeográficos.
- c) Serve de base para a construción de indicadores demográficos e sanitarios.

## **2. Ámbitos de investigación**

### **Ámbito poboacional**

A poboación obxecto de estudio son os nacementos de nais residentes en Galicia, as persoas falecidas con residencia en Galicia e os matrimonios que teñen previsto fixar a súa residencia en Galicia.

### **Ámbito territorial**

O ámbito xeográfico da estatística é a Comunidade Autónoma de Galicia e proporciónase información para distintos niveis xeográficos: total de Galicia, provincias, comarcas e concellos.

### **Ámbito temporal**

A periodicidade da estatística é anual.

## **3. Definicións e aspectos metodolóxicos**

A fonte básica de información é o Rexistro Civil, polo tanto, é unha estatística que ten como fonte de orixe un rexistro administrativo, de xeito que o seu aproveitamento estatístico facilita o coñecemento exhaustivo de distintos fenómenos demográficos ao longo do tempo.

### **3.1 Estatística de nacementos**

A fonte de información é o Boletín estatístico de parto, que é cuberto no Rexistro Civil cando o pai ou outro familiar vai inscribir o nacemento.

Os resultados están referidos aos nacidos vivos tanto na Comunidade Autónoma de Galicia como fóra dela sempre que a nai teña a súa residencia en Galicia. Polo tanto, o lugar de residencia da nai é o criterio xeográfico utilizado na elaboración das táboas para os distintos ámbitos xeográficos.

### **Definicións**

**Nacemento:** No campo demográfico o concepto de nacemento identifícase co concepto biolóxico de nacido con vida.

**Morte fetal tardía:** A efectos estatísticos, considérase como morte fetal tardía o feto morto con seis ou máis meses de xestación.

**Parto:** A definición de parto utilizado nesta estatística coincide co concepto médico-biolóxico, é dicir, expulsión ou extracción do claustro materno do produto da concepción viable; polo tanto queda excluído o aborto ou expulsión do feto non viable. A xustificación do concepto de parto estriba en que nel maniféstase no seu conxunto a fecundidade viable, xa que inclúe tanto os nacementos como as mortes fetais tardías. A relación entre estes tres conceptos é a seguinte:

$$\text{Partos sinxelos} + 2 \text{ veces os partos dobres} + 3 \text{ veces os partos triples} + \dots = \\ \text{nacementos} + \text{mortes fetais tardías}$$

**Orde de nacemento:** É o lugar que ocupa un nacido vivo dentro da secuencia cronolóxica do total de fillos dunha muller.

**Intervalo xenésico:** É o período de tempo que hai entre dous nacementos consecutivos (intervalo interxenésico); o intervalo primeiro, denominado protoxenésico, refírese ó tempo comprendido entre a data de matrimonio e o primeiro nacemento.

### **3.2 Estatística de defuncións**

A fonte básica de información é o Boletín estatístico de defuncións que se cubre no Rexistro Civil no momento de inscribir as defuncións dos falecidos que viviron máis de 24 horas. Os nados con vida e mortos antes das 24 horas recóllense no Boletín estatístico de parto.

Os datos están referidos aos falecidos que tiñan por residencia algún concello da Comunidade Autónoma de Galicia, independentemente do lugar onde se producise o falecemento.

### **Definicións**

**Defunción:** O concepto estatístico de defunción utilizado tradicionalmente en España comprendía a todos os falecidos con máis de 24 horas de vida. A partir de 1975 o concepto ampliouse coa incorporación dos nacidos con vida falecidos durante as primeiras 24 horas. Con este cambio adóptase o criterio recomendado polos organismos internacionais.

**Crecedemento vexetativo ou natural:** É o saldo existente entre os nacementos e as defuncións ocorridas durante un ano.

### **3.3 Estatística de matrimonios**

A fonte básica de información é o Boletín estatístico de matrimonio que se cubre no Rexistro Civil no momento de inscribir o matrimonio. A información da estatística fai referencia aos matrimonios que fixan a súa residencia nalgún concello galego.

### **Definicións**

**Matrimonio:** O concepto estatístico de matrimonio empregado é o do matrimonio inscrito no Rexistro Civil.

## **4. Recollida da información.**

A información é recollida a partir dos distintos boletíns estatísticos, que son cubertos no Rexistro Civil cando ocorre o feito demográfico (nacemento, defunción ou matrimonio). Estes boletíns son enviados mensualmente polos Rexistros Cívís ás Delegacións Provinciais do INE, onde se realiza a codificación e gravación de todas as variables, agás a causa de morte nos boletíns de defunción. O INE, en virtude dun convenio de colaboración, envía ao IGE cada mes en soporte informático a información sobre os nacementos, defuncións e matrimonios celebrados no mes anterior xunto cos boletíns de defunción, que son remitidos á Consellería de Sanidade para a codificación e gravación de causa de morte segundo a Clasificación Internacional de Enfermidades (CIE) da OMS.

Ademais, o IGE dispón anualmente dun ficheiro definitivo de nacementos, defuncións e matrimonios elaborado polo INE tras a validación e depuración dos ficheiros mensuais.

## **Cuestionarios utilizados**

a) Nacementos. No Boletín estatístico de parto investigáanse as seguintes características dos nacementos:

- Datos do parto: data, concello e provincia, nº de semanas cumpridas de xestación, lugar do parto (domicilio particular, centro sanitario, outro lugar), asistencia por persoal sanitario, multiplicidade, maturidade, normalidade.

- Datos da nai: nome, apelidos, DNI, data de nacemento, profesión, oficio ou ocupación principal, nacionalidade, residencia, domicilio, número de fillos que tivo, contando este e cantos naceron con vida, data de nacemento do fillo anterior nacido con vida, estado civil: casada ou non casada, data do matrimonio actual (se está casada), e se é o primeiro matrimonio.

- Datos do pai: nome, apelidos, DNI, data de nacemento, profesión, oficio ou ocupación principal, nacionalidade, residencia, domicilio.

- Datos do nacemento: nome, apelidos, nacido vivo ou morto, viviu máis de 24 horas, causa da morte se naceu morto ou morreu nas primeiras 24 horas, peso.

b) Defuncións. No Boletín estatístico de defunción investigáanse as seguintes características dos falecidos: nome, apelidos, DNI, data de nacemento, lugar de nacemento, sexo, estado civil, profesión, oficio ou ocupación principal, nacionalidade, residencia, domicilio e a causa de defunción que debe ser cuberta polo médico que certificou a defunción ou, no seu defecto, por un funcionario do Rexistro Civil.

c) Matrimonios. O Boletín estatístico de matrimonio facilita información sobre:

- Datos do matrimonio: data, forma de celebración (relixión católica, outra relixión ou exclusivamente civil) e residencia do matrimonio. A partir do último trimestre do ano 2019, na recollida de datos de matrimonios non se inclúe a residencia do matrimonio, polo que, para os datos provisionais a residencia do matrimonio foi imputada. O criterio seguido para a imputación foi o seguinte:

- Se a residencia dos dous cónxuxes coincide, asígnaselle esta como residencia do matrimonio.
- Se a residencia dos cónxuxes non coincide, asígnaselle como residencia do matrimonio a provincia e municipio de inscrición.

- Datos dos cónxuxes: residencia anterior, ano de nacemento, estado civil anterior, data da sentenza de divorcio se era divorciado, profesión, oficio ou ocupación principal, nacionalidade e domicilio.

## **5. Presentación de resultados.**

O Instituto Galego de Estatística publica anualmente os resultados do Movemento natural da poboación. Nelas ofrécense resultados dos tres feitos demográficos en función do ámbito territorial de referencia da información con distinto grao de desagregación das variables clasificatorias. Ademais, difúndense series da evolución demográfica e unha variedade de taxas.

Na páxina web do IGE pódense atopar os principais resultados e series de evolución con inicio en 1975 ao nivel de concellos.

A información correspondente ás causas de morte pódese atopar nas publicacións “Análise da mortalidade en Galicia” que elabora anualmente a Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade.